

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9337 *Real decreto 774/2014, do 12 de setembro, polo que se desenvolve a aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e se fixan os requisitos e o contido dunha norma de comercialización no sector do viño, e se aproban as medidas aplicables á campaña 2013/2014 e se derrogan determinadas normas en materia agraria e pesqueira.*

A organización común de mercados dá a posibilidade de pór en marcha accións ante determinadas situacións do mercado vitivinícola que poidan mellorar e dar estabilidade ao funcionamento do mercado no sector dos viños. A través do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, os Estados membros poden establecer normas de comercialización para regular a oferta coa finalidade de mellorar a situación do mercado nun momento determinado, no cal as condicións de mercado o xustifiquen, e que a norma ten que ser acorde co obxectivo que se pretende alcanzar.

Aínda que o citado Regulamento (UE) n.º 1308/2013 prevé ao longo do seu articulado outras posibles medidas para facer fronte ás distorsións de prezos ou outros problemas de funcionamento do mercado, o presente real decreto limitase a desenvolver a aplicación en España das medidas previstas no seu artigo 167.

O presente real decreto establece os requisitos que deben ter estas normas de comercialización, que o Estado membro poderá fixar logo de acordo cos representantes do sector, en particular, das organizacións interprofesionais. Entre estes requisitos encóntranse a zona de produción concreta onde se aplicaríase a norma, xa que, dada a gran diversidade do viñedo en España, a problemática acostuma ser distinta dependendo das rexións; a forma de proceder para resolver a situación de mercado que se produciu, ben como o tipo de produto obxecto da norma e os destinatarios desta.

Así mesmo, ademais de establecer as bases para a aplicación destas normas cando sexa necesario, o presente real decreto establece unha norma específica para a súa aplicación na campaña de comercialización 2013/14. A presente campaña veu marcada por un importante incremento na produción de viño en determinadas zonas de produción españolas, o que xerou un volume de excedentes difícil de asumir polo mercado e que está a producir tensións nos mercados e problemas de capacidade nas adegas para a vindeira campaña. Por isto se require a aplicación dunha norma de comercialización.

Así mesmo, a presente norma derroga tres bloques normativos.

Por un lado, a norma derroga o Real decreto 405/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, que se publicou co obxecto de regular no noso país o uso voluntario do citado logotipo. O seu uso pretendía ofrecer a garantía dun sistema de rastrexabilidade completa que se estendía máis alá das obrigacións exixidas na normativa reguladora da identificación e rexistro do sector lácteo. O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 6/2014, do 27 de xaneiro, estimou o conflito positivo de competencia promovido polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña e declarou que determinados artigos e a súa disposición derradeira primeira vulneran as competencias da Comunidade Autónoma de Cataluña. Dado que, dunha parte, a derogación parcial da norma podería causar inseguranza xurídica e que, por outra, sen os artigos a que se refire a citada sentenza a norma non tería virtualidade práctica, procede derrogar o mencionado real decreto na súa totalidade.

Por outro lado, derrógase tamén o Real decreto 1596/2004, do 2 de xullo, polo que se regula a transmisión de posibilidades de pesca entre os buques pertencentes ao Censo das frota de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do

Atlántico Nordeste. A Orde AAA/1510/2014, do 1 de agosto, pola que se establece un plan de xestión para os buques dos censos das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores e menores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste, establece os procedementos para a asignación e transmisión das posibilidades de pesca dos buques pertencentes ao mencionado censo. Tal e como se establece no preámbulo da citada orde, o seu contido recóllese agora unificado na dita orde, o que simplifica a xestión dos operadores e reduce cargas administrativas, e, por tanto, derrógase en instrumento normativo de rango suficiente o mencionado real decreto co fin de garantir a seguranza xurídica e articular do mellor modo posible o ordenamento.

Finalmente, derrógase unha serie de normas de calidade referidas a froitas e hortalizas frescas. Co obxectivo de mellorar as condicións económicas de produción e comercialización dos produtos agrícolas, así como a súa calidade, a Unión Europea estableceu normas de comercialización que regulan aspectos tales como a calidade, a clasificación, o peso, o calibre, o envase, a embalaxe, o almacenamento, o transporte, a presentación, a orixe e a etiquetaxe. A norma xeral de comercialización para os produtos agrícolas está establecida no artigo 75 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007. No artigo 76 dese regulamento establécense exixencias adicionais para a comercialización de produtos no sector de froitas e hortalizas. No anexo I, parte A, do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, figuran os detalles desa norma. Así mesmo, o citado Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, no seu anexo I, parte B establece normas específicas para as mazás, os cítricos, os kiwis, as leitugas e escarolas, os pexegos e nectarinas, as peras, os amorodos, os pementos doces, as uvas de mesa e os tomates.

No ámbito nacional, o Real decreto 2192/1984, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación das normas de calidade para as froitas e hortalizas frescas comercializadas no mercado interior, establecía as normas de calidade xerais para estes produtos no mercado nacional. No anexo I do mencionado real decreto establécese a lista de produtos suxeitos a normas de calidade, que se desenvolverían posteriormente a través dunha serie de ordes ministeriais. No anexo II derogábanse, total ou parcialmente, unha serie de normas de calidade anteriores ao real decreto e modificábanse outras. Esta normativa nacional mantívose vixente a pesar de que a normativa da Unión Europea relativa á comercialización de produtos agrícolas e, concretamente, froitas e hortalizas frescas xa regulara estes aspectos. Por tanto, convén derrogar determinadas disposicións que carecen de aplicación, na procura da simplificación normativa e da seguranza xurídica. Na súa tramitación emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e deuse audiencia aos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do 12 de setembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer no sector do viño as normas básicas para a aplicación do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha

organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007, sobre normas de comercialización para mellorar e estabilizar o funcionamento do mercado común dos viños.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto entenderase como:

- a) Produto: a uva de vinificación, o mosto de uva ou o viño.
- b) Viticultor: a persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da viña ben por ser o propietario ben por ter atribuído un dereito sobre ela.
- c) Produtor: calquera persoa física ou xurídica ou agrupación de tales persoas que produciu mosto ou viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por ela mesma ou comprados.
- d) Destilador autorizado: toda persoa ou agrupación de persoas que:
 - 1.º Destile viños, viños alcoholizados, subprodutos da vinificación ou de calquera outra transformación de uva e
 - 2.º Estea autorizada polas autoridades competentes para actuar no marco do artigo 52 do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
- e) Rexión de produción: zona constituída por áreas de produción cuxa problemática de comercialización e de funcionamento do mercado sexa común. Poderá considerarse rexión unha ou máis comunidades autónomas ou unha parte delas.
- f) Adega: instalación en que un produtor de viño produce e/ou ten almacenadas as existencias.

Artigo 3. *Establecemento e requisitos da norma de comercialización.*

1. Mediante orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando as condicións de mercado o xustifiquen conforme os resultados dunha análise, e tendo en conta a opinión das comunidades autónomas en cuxo territorio se encontre a rexión ou rexións de produción afectadas e as recomendacións do sector, en particular das organizacións interprofesionais, sen prexuízo da debida audiencia a outro tipo de organizacións, tales como organizacións de produtores recoñecidas e asociacións de organizacións de produtores ou a outros sectores que se poidan ver directamente afectados polas medidas propostas, poderán establecerse normas de comercialización que teñan como obxectivo regular a oferta para mellorar a estabilidade e o funcionamento do mercado común no sector dos viños, incluídas as uvas, os mostos e os viños de que procedan para unha campaña de comercialización determinada.

2. A norma de comercialización poderase basear nunha retirada temporal ou definitiva do produto, que deberá ser proporcional á consecución do obxectivo e finalidade fixados e que, en ningún caso, poderá supor unha retirada excesiva respecto á produción da campaña, o cal deberá documentarse adecuadamente na análise mencionada no número anterior.

A norma de comercialización deberá cumprir co disposto no segundo parágrafo do número 1 do artigo 167 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 4. *Contido da norma de comercialización.*

As normas de comercialización deberán conter os seguintes elementos, que se fixarán para unha campaña determinada:

- a) Obxectivo da norma de comercialización.
- b) Mecanismo empregado na norma de comercialización, que será acorde co obxectivo que se persiga.
- c) Campaña de comercialización a que se lle aplicará a norma.
- d) Cantidade de produto afectado pola norma.
- e) Rexión de produción onde se aplicará a norma.
- f) Características do produto ao cal se lle aplicará a norma.
- g) Viticultor ou produtor elixible ao cal se lle aplicará a norma de comercialización e, se as houber, excepcións.
- h) Obrigacións dos viticultores ou produtores aos cales se lles aplicará a norma de comercialización e, se houber, excepcións.
- i) Outros: se for o caso, e dependendo do obxectivo e da finalidade da norma de comercialización, poderanse fixar, entre outros:
 - 1.º Período, calendarios e datas de aplicación da norma.
 - 2.º Parámetros de cumprimento dos viticultores ou produtores aos cales se lles aplicará a norma.
 - 3.º Obrigacións doutros operadores do sector.
 - 4.º Destino do produto.
- j) Controis específicos que se determinarán en función do obxectivo e finalidade da norma de comercialización.

Artigo 5. *Controis.*

As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control.

Artigo 6. *Comunicacións.*

As comunidades autónomas deberán comunicar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente canta información sexa necesaria para a avaliación da aplicación das normas de comercialización que se establezan.

Artigo 7. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento da norma de comercialización o réxime sancionador aplicable será o previsto na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e o viño.

Disposición adicional única. *Campaña 2013/14.*

Para a campaña 2013/14 aplicarase a norma de comercialización cuxas características e requisitos se recollen no anexo.

As comunicacións determinadas no artigo 6 deberán conter, como mínimo, a información relativa aos produtores de viño que foron elixibles, o número de contratos e a cantidade de viño entregado para destilación. Toda a información deberá remitirse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o máis tardar o 30 de outubro de 2014.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 405/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o logotipo «Letra Q» na etiquetaxe do leite e dos produtos lácteos, con data do 1 de xaneiro de 2015.

Non obstante, os envases e produtos que no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontren xa rotulados co logotipo «Letra Q» poderán seguir a utilizarse ou comercializarse até final de existencias.

2. Así mesmo, queda derogado o Real decreto 1596/2004, do 2 de xullo, polo que se regula a transmisión de posibilidades de pesca entre os buques pertencentes ao Censo das frotas de altura, grande altura e buques palangreiros maiores de 100 toneladas de rexistro bruto, que operan dentro dos límites xeográficos da Comisión de Pesca do Atlántico Nordeste, con data do 15 de setembro de 2014.

3. Quedan derogadas as seguintes normas:

1. Decreto 2257/1972, do 21 de xullo, polo que se regula a normalización de produtos agrícolas no mercado interior.

2. Real decreto 2192/1984, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación das normas de calidade para as froitas e hortalizas frescas comercializadas no mercado interior.

3. Orde do 5 de xuño de 1973, da Presidencia do Goberno, pola que se aproba a norma de calidade para alcachofas destinadas ao mercado interior.

4. Orde do 8 de xuño de 1973, de Presidencia do Goberno, pola que se aproba a norma de calidade para as cebolas destinadas ao mercado interior, no seu estado natural.

5. Orde do 5 de novembro de 1981, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para os aguacates destinados ao mercado interior.

6. Orde do 12 de setembro de 1983, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para pementos frescos destinados ao mercado interior.

7. Orde do 13 de setembro de 1983, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para cereixas destinadas ao mercado interior.

8. Orde do 10 de novembro de 1983, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para o champiñón cultivado, destinado ao mercado interior.

9. Orde do 10 de febreiro de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para amorodos destinados ao mercado interior.

10. Orde do 10 de febreiro de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para endivias destinadas ao mercado interior.

11. Orde do 10 de febreiro de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para feixón verde destinado ao mercado interior.

12. Orde do 10 de febreiro de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para ameixas destinadas ao mercado interior.

13. Orde do 12 de marzo de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para cogomelos comestibles con destino ao mercado interior.

14. Orde do 29 de marzo de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para pexegos con destino ao mercado interior.

15. Orde do 10 de febreiro de 1984, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para chirimoias destinadas ao mercado interior.

16. Orde do 6 de setembro de 1972, da Presidencia do Goberno, pola que se aproba a norma de calidade para cítricos destinados ao mercado interior, e Orde do 31 de xaneiro de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se modifica a norma de calidade para cítricos destinados ao mercado interior.

17. Orde do 29 de maio de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para albaricoques destinados ao mercado interior

18. Orde do 2 de xullo de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para berenxenas con destino ao mercado interior.

19. Orde do 2 de xullo de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para cenorias con destino ao mercado interior.

20. Orde do 2 de xullo de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para melóns destinados ao mercado interior.
21. Orde do 2 de xullo de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para sandías destinadas ao mercado interior.
22. Orde do 15 de novembro de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para peras e mazás de mesa destinadas ao mercado interior.
23. Orde do 15 de novembro de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para uva de mesa destinada ao mercado interior.
24. Orde do 10 de decembro de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para tomates frescos destinados ao mercado interior.
25. Orde do 10 de decembro de 1985, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para coliflores destinadas ao mercado interior.
26. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para leitugas e escarolas destinadas ao mercado interior.
27. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para os allos destinados ao mercado interior.
28. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para os porros destinadas ao mercado interior.
29. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para cabaciñas destinados ao mercado interior.
30. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para repolos destinados ao mercado interior.
31. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para as coles de Bruxelas destinadas ao mercado interior.
32. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para os apios destinados ao mercado interior.
33. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para as espinacas destinadas ao mercado interior.
34. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade dos chícharos para debullar destinados ao mercado interior.
35. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para espárragos destinados ao mercado interior.
36. Orde do 24 de marzo de 1986, do Ministerio da Presidencia, pola que se aproba a norma de calidade para cogombros destinados ao mercado interior.
37. Orde do 27 de novembro de 1987, do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, pola que se aproba a norma de calidade para a néspere destinada ao mercado interior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo o número 2 da disposición derogatoria única, que se fundamenta no disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente para modificar o anexo, de acordo co procedemento previsto no artigo 3.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de setembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

Norma da comercialización para a campaña de comercialización 2013/14

- a) Obxectivo da norma de comercialización.

Reactivar o mercado e mellorar a xestión das adegas para a campaña seguinte.

- b) Mecanismo empregado na norma de comercialización, que será acorde co obxectivo que se persiga.

Retirada definitiva dunhas existencias de viño que se consideran excedentarias mediante a entrega para destilación. O alcohol bruto que resulte da destilación utilizarase exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións da libre competencia.

- c) Campaña de comercialización a que se lle aplicará a norma.

Campaña 2013/14.

- d) Cantidade de produto afectada pola norma.

Establecerase en función das existencias de viño declaradas en 31 de xullo de 2014, conforme o disposto no Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e polo que se modifica o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e da evolución do mercado, cun máximo de 4 millóns de hl de viño.

- e) Rexión de produción onde se aplicará a norma.

Comunidades autónomas cuxa produción na campaña 2013/14, extraída das declaracións de produción declaradas en cumprimento do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, fose superior nun 50% á media das 4 últimas campañas. Mediante resolución do director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, darase publicidade das comunidades autónomas que cumpran tal circunstancia.

- f) Características do produto a que se lle aplicará a norma.

Viño tinto e branco declarado como viño sen indicación xeográfica, na declaración de produción da campaña 2013/14 realizada segundo o Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo.

- g) Produtor elixible ao cal se lle aplicará a norma de comercialización.

Produtor de viño que, segundo a declaración de produción 2013/14, obtivese nalgunha das súas adegas un rendemento medio elevado na declaración de produción da campaña 2013/14 para os viños sen indicación xeográfica, e superior a un rendemento de acordo cos datos declarados no anexo cadro C («produtos destinados á produción de») do anexo III de «declaración de produción» do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo. O dito rendemento, que non poderá ser inferior a 80 hectolitros por hectárea, fíxase en función das existencias dos produtos descritos na alínea f) da campaña 2013/14 en 31 de xullo de 2014, e farase público mediante resolución do director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

- h) Obrigacións dos produtores aos cales se lle aplicará a norma de comercialización.

O volume de viño que cada produtor de viño elixible deberá entregar para destilación será unha porcentaxe das existencias declaradas en 31 de xullo de 2014, conforme o

disposto no Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, da súa propia produción da campaña 2013/14 de viño sen indicación xeográfica. Esta porcentaxe farase pública mediante resolución do director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e establecerase en función do sobrepasamento do rendemento que se fixe conforme a alínea g) e da media das existencias dese produtor en 31 de xullo das últimas catro campañas.

Deberase subscribir un contrato de entrega cun destilador autorizado e entregar o viño á destilaría o máis tardar o 15 de outubro de 2014. Non obstante, esta data poderase atrasar mediante resolución do director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en función da cantidade de produto finalmente afectada pola norma.

i) Obrigacións doutros operadores do sector.

O alcohol bruto obtido da destilación prevista na alínea b) deberá ter un grao alcohólico mínimo do 92%. O destilador autorizado deberá xustificar o destino do alcohol antes do 31 de xullo de 2015. Non obstante, esta data poderase atrasar mediante resolución do director xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, se se atrasa a data conforme o establecido no derradeiro parágrafo da alínea h).

O destilador autorizado deberá presentar como xustificante do destino ante a autoridade competente, no prazo máximo de 10 días hábiles desde que finalice a saída de cada lote, un certificado de saídas diarias do alcohol en que se mencione, ao menos, a cantidade e o grao volumétrico do alcohol que saíu e a identificación do produtor, así como unha copia dos documentos de acompañamento que amparan a circulación dos produtos obxecto de impostos especiais de fabricación, co selo do destinatario aceptando o produto e o compromiso escrito do destinatario de utilizar o dito alcohol exclusivamente con estes fines.

Na xustificación do destino do alcohol que resulte da destilación admitiranse as seguintes porcentaxes de perda:

a) 0,50 por cento das cantidades de alcohol almacenadas por trimestre de almacenamento como perda de alcohol debida á evaporación.

b) 0,50 por cento das cantidades de alcohol retiradas dos almacéns como perda de alcohol debida a un ou varios transportes terrestres.

Poderase considerar que o alcohol obtido tivo un uso industrial ou enerxético, se foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, cun produto que impida que se utilice para usos distintos ao industrial ou enerxético.

En calquera caso, a autoridade competente deberá obter do destilador autorizado información sobre o destino final deste alcohol desnaturalizado.

j) Controis específicos que se determinarán en función do obxectivo e finalidade da norma de comercialización.

As comunidades autónomas que cumpran co descrito na alínea e) deberán establecer un plan de controis para confirmar o cumprimento das obrigacións descritas, que incluírán controis sobre o terreo do 100% dos produtores elixibles obrigados a destilar para comprobar que o viño foi entregado para destilación o máis tardar o 15 de outubro de 2014, ou nunha data posterior establecida, se for o caso, de conformidade co derradeiro parágrafo da alínea h).